

CTO. GALEGO DE NATACIÓN ABSOLUTO DE INVERNO

XUNTA DE GALICIA

Tempada 2026/27. Circular 26-17.

1. Organización, data e sede

1. Celebrarase a nivel autonómico en 3 xornadas cunha dobre sesión cada unha.
2. As datas e lugar de celebración serán as establecidas no calendario de natación.
3. As sesións de mañá comezarán ás 9:30 horas e as da tarde ás 17:30 horas. A hora de inicio poderá ser modificada en función das inscricións finais a criterio da Comisión Técnica.
4. A piscina deberá estar a disposición dos equipos participantes 120 minutos antes do comezo de cada sesión e 30 minutos despois da súa finalización, así como o día anterior ao campionato en horario de tarde e previa solicitude dos clubs interesados ao club organizador. Os nadadores teñen dereito a quentar até 15 minutos antes do comezo da sesión.
5. Se fora necesario, programaranse quendas para garantir un óptimo quecemento.

2. Programa de probas

Xornada 1 – Sesión 1	Xornada 2 – Sesión 3	Xornada 3 – Sesión 5
1. 50 m Libre Feminino 2. 50 m Libre Masculino 3. 400 m Libre Feminino 4. 1500 m Libre Masculino 5. 200 m Estilos Feminino 6. 200 m Estilos Masculino 7. 50 m Braza Feminino 8. 50 m Braza Masculino 9. 100 m Bolboreta Feminino 10. 100 m Bolboreta Masculino 11. 200 m Costas Feminino 12. 200 m Costas Masculino 13. 4x50 Estilos Feminino 14. 4x50 Estilos Masculino	17. 400 m Libre Masculino 18. 800 m Libre Feminino 19. 100 m Estilos Masculino 20. 100 m Estilos Feminino 21. 200 m Braza Masculino 22. 200 m Braza Feminino 23. 100 m Costas Masculino 24. 100 m Costas Feminino 25. 200 m Bolboreta Masculino 26. 200 m Bolboreta Feminino 27. 100 m Libre Masculino 28. 200 m Libre Feminino 29. 4x50 Libre Masculino 30. 4x50 Libre Feminino	33. 50 m Costas Masculino 34. 50 m Costas Feminino 35. 400 m Estilos Masculino 36. 400 m Estilos Feminino 37. 800 m Libre Masculino 38. 100 m Braza Feminino 39. 100 m Braza Masculino 40. 100 m Libre Feminino 41. 200 m Libre Masculino 42. 1500 m Libre Feminino 43. 50 m Bolboreta Masculino 44. 50 m Bolboreta feminino
Xornada 1 – Sesión 2	Xornada 2 – Sesión 4	Xornada 3 – Sesión 6
14. 4x50 Estilos Masculino (últ. serie) 13. 4x50 Estilos Feminino (últ. serie) 4. 1500 Libre Masculino (últ. serie) 3. 400 Libre Feminino (últ. serie) 2. 50 Libre Masculino final (B-A) 1. 50 Libre Feminino final (B-A) 6. 200 Estilos Masculino final (B-A) 5. 200 Estilos Feminino final (B-A) 8. 50 braza Masculino final (B-A) 7. 50 Braza Feminino final (B-A) 10. 100 Bolboreta Masculino final (B-A) 9. 100 Bolboreta Feminino final (B-A) 12. 200 Costas Masculino final (B-A) 11. 200 Costas Feminino final (B-A) 15. 4x100 Libre Masculino. 16 4x200 Libre Feminino	30. 4x50 Libre Feminino (últ. serie) 29. 4x50 Libre Masculino (últ. serie) 18. 800 Libre Feminino (últ. serie) 17 400 Libre Masculino (últ. serie) 20. 100 Estilos Feminino final (B-A) 19. 100 Estilos Masculino final (B-A) 22. 200 Braza Feminino final (B-A) 21. 200 Braza Masculino final (B-A) 24. 100 Costas Feminino final (B-A) 23. 100 Costas Masculino final (B-A) 26. 200 Bolboreta Feminino final (B-A) 25. 200 Bolboreta Masculino final (B-A) 28. 200 Libre Feminino final (B-A) 27. 100 Libre Masculino final (B-A) 31. 4x100 Libre Feminino 32 4x200 Libre Masculino	35. 400 Estilos Masculino (últ. serie) 36. 400 Estilos Feminino (últ. serie) 33. 50 Costas Masculino final (B-A) 34. 50 Costas Feminino final (B-A) 39. 100 Braza Masculino final (B-A) 38. 100 Braza Feminino final (B-A) 41. 200 Libre Masculino final (B-A) 40. 100 Libre Feminino final (B-A) 43. 50 Bolboreta Masculino final (B-A) 44. 50 Bolboreta Feminino final (B-A) 37. 800 Libre Masculino (últ. serie) 42. 1500 Libre Feminino (últ. serie) 45. 4x100 Estilos Masculino 46. 4x100 Estilos Feminino

3. Participación

1. Este regulamento está destinado ás seguintes categorías:
 - a) Absoluto masculino.
 - b) Absoluto feminino.
2. A participación está aberta a todos os nadadores das categorías sinaladas neste regulamento, e que teñan acreditada a marca mínima. Para os nadadores de categoría sénior (nacidos nos anos 2008 en anteriores) vale a mínima da categoría Sub20 (nacidos nos anos 2007 e 2008) pero só para a participación. Para os nadadores con discapacidade funcional e/ou visuais haberá unha única marca mínima.
3. Non poderán participar nadadores de categoría alevín.
4. Cada nadador poderá participar nun máximo de 4 probas individuais e todas as remudas.
5. Os nadadores con discapacidade funcional e/ou visuais só poderán participar nas probas indicadas no anexo I.
6. Non hai limitación no número de nadadores por club e proba.
7. Cada club poderá inscribir un único equipo de remudas por proba e categoría sempre que teña acreditada a marca mínima, ben sumando os tempos de 4 nadadores en probas individuais, ou ben se realice nunha remuda con nadadores incluídos nas categorías de referencia.
8. O nadador que non se presente a unha proba para a que estea inscrito poderá participar noutras na mesma sesión cunha penalización económica.
9. Admitiranse baixas e composicións de remudas até 60 minutos antes do inicio de cada sesión.

4. Inscripcións

1. Realizaranse a través da plataforma de inscricións e remitirase á Federación por correo electrónico (inscripciones@fegan.org) o rexistro de inscrición que o propio programa xera. Xunto co dito rexistro, enviarase no mesmo correo electrónico o xustificante do pagamento da inscrición.
2. As inscricións para o campionato deben ser recibidas pola FEGAN 12 días antes do comezo da competición, sendo responsabilidade do club que realiza a inscrición asegurarse de que a FEGAN a recibiu. Publicarase unha inscrición provisional que poderá ser modificada mediante unha penalización económica. Non se admitirán inscricións nin modificacións unha vez que as listas definitivas sexan publicadas.
3. Os nadadores que participen só en remudas deberán inscribirse na proba extra que se creará nas inscricións do campionato para tal efecto (normalmente 25 libre mixto).
4. Os nadadores con discapacidade inscribíranse na proba empregada para só remudas. Indicando nun correo electrónico as probas e a categoría segundo o anexo II deste regulamento.

5. Fórmula de competición

1. As eliminatorias nadaranse pola mañá.
2. As series organizaranse polo sistema de «cabezas de serie». Nas probas de 400, 800, 1500 e remudas nadaranse mediante o sistema de contra o reloxo.
3. Confeccionarase unha final «A» cos 6/8 mellores tempos das eliminatorias, e unha final «B» cos 6/8 seguintes tempos. As finais B e A nadaranse nas sesións de tarde.
4. Nas probas de 400, 800, 1500 libres, e nas remudas 4x50 estilos e libre, as mellores series compostas

polos 6/8 mellores tempos de inscrición nadaranse en sesión de tarde.

5. Os criterios de puntuación serán os seguintes:

- a) Para puntuar será necesario referendar a marca mínima da proba.
- b) Nas probas individuais só puntuarán os 2 primeiros clasificados de cada club.
- c) A puntuación nas probas individuais será: 19, 16, 14, 13, 12, 11, 10, 9, 8, 7, 6, 5, 4, 3, 2, 1.
- d) A puntuación nas probas de remudas será: 38, 32, 28, 26, 24, 22, 20, 18, 16, 14, 12, 10, 8, 6, 4, 2.

6. Os récords batidos ou igualados na competición individual, independentemente do posto, terán a puntuación extra que se indica a continuación:

- a) Record do Campionato: 4 puntos
- b) Record Galego: 8 puntos
- c) Record de España: 10 puntos

7. Estas puntuacións extra non se acumulan entre si na mesma proba, prevalecendo sempre a de maior puntuación.

8. No caso de que un nadador clasificado para unha final cause baixa, obterá automaticamente o último posto de dita final.

6. Clasificacións

1. Faranse as seguintes clasificacións:

- a) Clasificación masculina. Suma de puntos acadados nas probas masculinas.
- b) Clasificación feminina. Suma de puntos acadados nas probas femininas.
- c) Clasificación total. Suma de puntos da clasificación masculina e feminina.

O club que obteña maior puntuación proclamarase Campión Galego Absoluto de Inverno.

7. Títulos e premios

1. Entregaranse medallas aos 3 primeiros clasificados de cada proba masculina e feminina en categoría absoluta.

2. Medalla para os 3 primeiros clasificados nas categorías de discapacidade funcional e/ou visual segundo os criterios recollidos no regulamento do Comité Internacional de Natación Parolímpica (IPC Swimming). (Pódese descargar o regulamento na sección de circulares da FEGAN)

3. Trofeos para os clubs campións en cada unha das clasificacións sinaladas neste regulamento (Punto 6).

4. Trofeo Paula Carballido:

- a) Para o nadador e nadadora que realice a mellor marca do Campionato por táboa WAQ en probas individuais.
- b) Para o nadador e nadadora con discapacidade funcional e/ou visual que realice a mellor marca do Campionato por táboa compensada de puntuación.

8. Marcas Mínimas

1. Serán as sinaladas na circular de marcas mínimas desta tempada para as categorías referidas a este

campionato.

2. Teranse en conta as marcas obtidas entre o 31 de maio de 2025 e o 13 de decembro de 2026

9. Anexo I

As probas e categorías nas que poden participar nadadores con discapacidade funcional e/ou visual son:

50L	100L	200L	50E	100E	50B	100B	50M	100M	200S
S1-S13	S1-S13	S2-S13	S1-S13	S1-S13	S2-S9 S11-S13	S2-S9 S11-S13	S3-S13	S5-S13	S3-S13

10. Anexo II

1. A inscrición dos nadadores con discapacidade deberá enviarse acompañada da FICHA DE VALORACIÓN FUNCIONAL na que se determine a clase na que se clasifican para cada estilo.

O custo da avaliación correrá a cargo do deportista.

Para facilitar a avaliación, aconséllase levar os informes de lesións, se están dispoñibles.

2. As marcas de inscrición deberán terse obtidas en competicións oficiais, ben no calendario FEDDF ou FEGAN.

3. Tanto no Campionato Galego como nas demais competicións da FEGAN nas que participen, serán aplicadas polos Xuíces e Árbitros da competición as recomendacións contempladas no Manual de Árbitros de Natación (CNA) no apartado No 18 Nadadores con Discapacidade.

4. No momento de tramitar a licenza de deportista, hai que sinalar que se trata dun nadador con discapacidade.

A Coruña, setembro 2026